

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 7 de xuño de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trece minutos do día sete de xuño do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asisten o deputado *Roberto José Álvarez Carrero* nin a deputada *María Nava Castro Domínguez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Antes do inicio da sesión, o Secretario Xeral dá conta da Resolución presidencial de data 03/06/2024 (RP2024004591), en virtude da cal se nomea nova vogal da Xunta de Goberno á deputada *Belén Cachafeiro Anta*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33878.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de maio de 2024.

2.33879.- APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS NO ANO 2024”. (Expte.2024024463)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda dá inicio o expediente para a tramitación das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela para o ano 2024.



Terceiro.- En data 16/04/2024 emítase informe xustificativo da subvención a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a participación en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela no ano 2024.

Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 31/05/2024 as bases a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela no ano 2024.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu articulo 40.1 indica cas entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.



Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ós clubs deportivos que participen en competicións oficiais de calquera ámbito territorial, nas modalidades de piragüismo, remo e vela.

As axudas estarán destinadas subvencionar os gastos de participación e adestramento dos equipos e das deportivas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 500.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 24/340.3410.489.22 do Orzamento provincial para o ano 2024.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais de calquera ámbito territorial e que figuran con seguinte CSV: CXHRBLND02UK10Z2.

3.33880.- APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA LA “CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓN DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL PARA EL AÑO 2024”. (Expte.2024024459)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda da inicio o expediente para a tramitación das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito inferior ao estatal no ano 2024.

Terceiro.- En data 16/05/2024 emítase informe xustificativo da subvención a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito inferior a estatal para o ano 2024.

Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 31/05/2024 as bases de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito inferior ao estatal no ano 2024.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local



Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica cas entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ós clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito inferior a estatal no ano 2024.

As axudas estarán destinadas subvencionar os gastos de participación e adestramento dos equipos e das e dos deportivos do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.



Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 650.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 24/340.3410.489.23 do Orzamento provincial para o ano 2024.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 e que figuran con seguinte CSV: 2U5QKO766Q6HSJDC.

4.33881.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO POMBAL” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS.
(Expte.2024019279)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.



As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Cambados o importe que lle corresponde é de 87.753,43€.
- En data 20/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024018521) dunha petición do Concello de Cambados, emendada nas datas 22/03/2024, 09/04/2024 e 30/05/2024 (núm. rexistro WEB2024019071, WEB2024023790 e WEB2024035305), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 87.753,43€ ao abeiro do PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Substitución da cuberta do pavillón polideportivo do Pombal”, cun orzamento de 109.762,08€ e unha achega municipal de 22.008,65€.
O Concello presenta copia da solicitude realizada o 15/12/2023 ao Servizo Provincial de Costas de desafectación de varias parcelas afectadas polo deslinde no termo municipal de Cambados, entre as que figuraban os terreos do pavillón polideportivo do Pombal.
- A actuación conta co informe de supervisión favorable do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 21/03/2024 (CSV: NON8LRD5D4X37EO1).
- Así mesmo, o 31/05/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: 869D4WYURG73VRF9) e o 03/05/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: 014GAZNQFKZRA2WJ).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Cambados relativa ao financiamento do investimento denominado “Substitución da cuberta do pavillón polideportivo do Pombal” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 87.753,43€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF P3600600E, a cantidade de 87.753,43€ con destino ao financiamento do investimento “Substitución da cuberta do pavillón polideportivo do Pombal” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 109.762,08€ e unha achega municipal de 22.008,65€.

A concesión da subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais solicitadas ao Servizo Provincial de Costas, á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Patrimonio) e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Urbanismo), as cales, xunto coa resolución ou acordo de aprobación do proxecto técnico (ou o certificado da resolución ou acordo adoptado) e a acta de trazado previo (anexo I), deberán ser presentadas coa primeira xustificación.

Así mesmo, a concesión queda condicionada a que o Concello acredite a titularidade mediante un certificado do/a secretario/a no momento de presentar a primeira xustificación, segundo o establecido na base reguladora 17ª que sinala que “*O concello deberá ser, en todo caso, titular dos bens, instalacións ou terreos nos que se van executar os investimentos, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión sobre estes que teña duración indefinida. No caso de dispoñer dunha autorización ou dunha concesión administrativa, a duración desta non poderá ser inferior a cinco (5) anos desde a data de solicitude da subvención (...)*”.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.33882.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE **POIO** AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE FIRMES E SERVIZOS EN CAMIÑO CEMITERIO, 3ª TRAVESÍA DA SEARA E CAMIÑO OUTEIRO”.
(Expte. 2024020902)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019863, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de POIO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 161.690,49€, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de firmas e servizos en camiño cemiterio, 3ª travesía da Seara e Camiño Outeiro*”, cuxo orzamento ascende 161.690,49 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	161.690,49	161.690,49	0,00	0,00

Consta no expediente informe da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que ademais da declaración responsable presentada ante Augas de Galiza precisan das autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas (PO-308: PK 3+770 e PK 1+830).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.



Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), (PO-308: PK 3+770 e PK 1+830). As devanditas autorizacións, a acta de trazado previo (Anexo III) e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 30/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 31/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, unha subvención por importe de 161.690,49 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de fïrmes e servizos en camiño cemiterio, 3ª travesía da Seara e Camiño Outeiro*” (Expte. 2024020902)”, cuxo orzamento ascende 161.690,49 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	161.690,49	161.690,49	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) xunto coa acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada e a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.33883.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN RAMAL DEREITO DA RUA SARTAL, RAMAL ESQUERDO DA RUA SARTAL”. (Expte 2024020899)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019822, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Poio* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 280.232,67 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de camiños municipais en ramal dereito da Rúa Sartal, ramal esquerdo da Rúa Sartal*”, cuxo orzamento ascende 280.232,67€, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	280.232,67	280.232,67	0,00	0,00

Consta no expediente informe da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non son precisas para a súa execución.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/05/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, unha subvención por importe de 280.232,67 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de camiños municipais en ramal dereito da Rúa Sartal, ramal esquerdo da Rúa Sartal*” (Expte. 2024020899), cuxo orzamento ascende 280.232,67 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	280.232,67	280.232,67	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.33884 CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RODEIRO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VLAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, STA. MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”.
(Expte.2024020898)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019767, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Rodeiro* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 497.149,42 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Sta. Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego*”, cuxo orzamento ascende 515.525,00 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
515.525,00 €	497.149,42 €	0,00 €	18.375,58 €

O orzamento contempla honorarios por redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 36.247,85 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con informe ou autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas, de Augas de Galicia e de Consellería do Medio Rural; consta no expediente autorización da Consellería do Medio Rural.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.



Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais de: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas e Augas de Galicia.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
O importe do gasto correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



13.33890.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DO CENTRO INFANTO-XUVENIL AGARIMO E ALMACÉN XERAL DE CPF”. (Expte. 2023006141)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/04/2024 acordou adxudicar á empresa Prace Servicios y Obras, S.A. (CIF A70319678), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Substitución de material de cubrición do Centro Infante-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF”, por un importe de 877.280,15 €, IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 27/05/2024 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 27/11/2024.

Resultando.- Que coa acta de comprobación de replanteo, xuntouse acta de paralización da execución deste obra, formalizada entre a directora da obra e o contratista. Recolle a acta o seguinte: “...Non é posible o inicio das obras ata a obtención por parte da empresa contratista da resolución favorable ao plan de traballo con risco por amianto por parte Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social e Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga))...”

Recolle a acta de paralización que non se iniciou a execución da obra, estando pendente todas as unidades por executar.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: NJJ039WM6DBEKZFT, informe do xefe de servizo do Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para iniciar a execución da obra, debido a o contratista está pendente da obtención de resolución favorable ao plan de traballo con risco por amianto por parte do Issga. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non sexa obtida a citada resolución favorable. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre SEIS (6) MESES para a finalización do prazo de execución

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”



Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras “Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF” con efectos dende o 27/05/2024

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre SEIS (6) MESES para finalizar a obra.

14.33891.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-7102 SERRAPIO-PORTELA, P.Q. 1+950 AO P.Q. 3+150 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA)”.
(Expte.2023042340)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 17/11/2023 acordou adxudicar á empresa Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U, (CIF B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, por un importe de 403.714,02 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 29/12/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/06/2024.

Resultando.- Que con data 22/05/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX-WEB2024033027), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) MESES, debido a que o plan de traballos establecido, viuse alterado polas condicións meteorolóxicas adversas dos últimos meses, demorando na súa consecuencia o desenvolvemento e execución dos traballos previsto en tempo e forma estimados.



Resultando.- Consta no expediente con CSV: 9P1CEXTPOK1QHCFN informe do director de obra, que recolle o seguinte: *“...Á vista do anteriormente exposto, a Dirección Facultativa considera xustificada a ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, ata o 29 de agosto de 2024, por existencia de condicións climatolóxicas adversas ao longo da totalidade dos cinco meses de execución de obra que se levan realizados á día de hoxe, tendo en conta sobre todo que a maioría dos traballos contemplados no proxecto consisten en movemento de terras para executar desmontes e terrapléns para realizar o ensanche da estrada provincial, así como a execución de muros de contención de gran dimensión ao bordo do rego Ponte Faroxxo, traballos que se viron moi afectados pola existencia de fortes precipitacións durante a execución dos movementos de terras e os muros de contención, incrementando esta afección ó aumentar de forma considerable o caudal do rego polas fortes precipitacións, dificultando aínda máis os traballos de movementos de terras e execución das cimentacións dos muros de contención, considerando que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, determinando que o cómputo total de retrasos producidos polas condicións climatolóxicas adversas nestes cinco meses xustifican a ampliación de prazo solicitado. A maiores, non existen afeccións ao proxecto, nin a condicións de execución nin ao prezo do contrato, que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalado...”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor (CSV) C4V86RQ3R7DD72OC no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 29/08/2024.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 17/11/2023 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) Contrato derivado lote 1 AM seguridade e saúde na obra *“Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”*

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.



Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa *Tecnica y Proyectos, S.A.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na prorroga da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)” por un importe de 1.085,24 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: ZGUVZ260YCCWXHF9, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/57, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emítiuse o documento RC nº 202400119370.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa *Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U.*, unha ampliación de prazo de dous (2) meses, na execución do contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 29/08/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa *Tecnica y Proyectos, S.A.* (CIF A28171288) Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na prorroga da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)" (expte 2024036044), por un importe de 1.085,24 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	896,89 €
IVE (21 %)	188,35 €
Importe total	1.085,24 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, con efectos dende o 27/06/2024.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024036044.



15.33892.- LIBERACIÓN PARCIAL DO CRÉDITO COMPROMETIDO NO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL EN DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2023011338)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 26 de maio de 2023, adxudicou o contrato baseado para a subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra á empresa *Gas Natural Comercializadora, S.A.* (CIF: A-61.797.536), adxudicataria do lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP, de acordo co detalle reflexado no citado acordo.

No mesmo acordo, para atender ás obrigas económicas derivadas do contrato, preveuse o seguinte cadro de financiamento:

Anualidade	Centro Xestor	Aplicación orzamentaria	Importe con IVE
2023 (6 meses)	Museo	23/333.3330.221.02 (vinculación xurídica)	206.819,25 €
	Arquivo Provincial	23/332.3322.221.02 (vinculación xurídica)	6.685,25 €
	ORAL	23/932.9320.221.02 (vinculación xurídica)	9.256,50 €
	Centro Príncipe Felipe	23/232.2312.221.02 (vinculación xurídica)	37.026,00 €
2024 (6 meses)	Museo	24/333.3330.221.02	206.819,25 €
	Arquivo Provincial	24/332.3322.221.02	6.685,25 €
	ORAL	24/932.9320.221.02	9.256,50 €
	Centro Príncipe Felipe	24/232.2312.221.02	37.026,00 €

Con data 9 de xuño de 2023 realizouse a notificación da resolución de adxudicación, sendo o prazo de duración do contrato dun ano, a contar unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a notificación da adxudicación, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración, sendo, por tanto, a duración do contrato dun ano desde o 01 de xullo de 2023.

A Xunta de Goberno, na sesión do día 10 de maio de 2024 acordou aprobar a prórroga do devantido contrato para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2024 e ata o 30 de xuño de 2025, nos mesmos termos que a adxudicación inicial.



En data 31 de maio de 2024, a xefatura de xestión do Museo co conforme do deputado delegado e vicepresidente primeiro, informa que a estimación de gasto para a subministración de gas no Museo para o primeiro semestre do ano 2024, é moi superior o gasto real efectuado de 50.768,43€, e esta circunstancia provoca que se vexa afectada a vinculación xurídica nas aplicación orzamentarias 333.3330.221.00, 333.330.221.02 e 333.3330.227.01 non permitido que se desenvolva o normal funcionamento do Museo. En base ao exposto, e co fin de axustar o consumo real ao crédito vinculado ao contrato de subministración de gas, solicita que se libere crédito vinculado ao contrato que finalizará o 30 de xuño de 2024.

Visto que, con data 31 de maio de 2024, o servizo de Contratación solicita á Intervención a súa conformidade para a liberación parcial do crédito comprometido no contrato, achegando borrador de proposta de acordo (CSV: 83DGPUHOW0L2KIMA).

Tendo en conta a dilixencia de conformidade da Intervención, de data 31 de maio de 2024 (CSV: T3X6RMEMNSUJKP17).

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Liberar parcialmente o crédito comprometido para o Museo de Pontevedra (fase D) – anualidade 2024 do contrato de “*Subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2023011338), na contía total de 110.000,00 €, correspondente co importe estimado ata o 30 de xuño de 2024, co obxecto de obter crédito dispoñible para facer fronte a outros gastos de funcionamento do Museo.

O detalle por centros e aplicacións orzamentarias é o seguinte:

Anualidade	Centro Xestor	Aplicación orzamentaria	Crédito comprometido (fase D)	Crédito obxecto de liberación	Crédito comprometido (fase D) despois da liberación parcial
2024 (01/01/2024 a 30/06/2024)	Museo	24/333.3330.221.02	206.819,25 €	110.000,00 €	96.819,25 €
	Arquivo Provincial	24/332.3322.221.02	6.685,25 €	0,00 €	6.685,25 €
	ORAL	24/932.9320.221.02	9.256,50 €	0,00 €	9.256,50 €
	Centro Príncipe Felipe	24/232.2312.221.02	37.026,00 €	0,00 €	37.026,00 €



16.33893.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “PATROCINIO DEPORTIVO DOS PARTIDOS DA SELECCIÓN MASCULINA E FEMININA DE BALONMÁN” (Expte.2024011399) (Devogaran 2024031954)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de decembro de 2020 (CSV.- QT19TQX6XH0GE174), adxudicouse un Acordo Marco, convocado para regular a prestación do servizo de “*Patrocinio deportivo dos partidos da selección española masculina e feminina de balonmán*”. (Expte. 2024011399).

Para responder da realización deste servizo, a entidade *Federación Gallega de Balonmano* (G-36690832), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO (G-36690832)	7.400,00€	202400072361	22/03/2024

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Deportes (CSV.- SM41ON2XIQDZIF7O), no cal sinala que o presente evento foi levado a cabo de forma satisfactoria (...), polo que non existe inconveniente en que se proceda á devolución do aval depositado.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- TULSKQ17BDER2SHC), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade *Federación Gallega de Balonmano*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Patrocinio deportivo dos partidos da selección española masculina e feminina de balonmán*” (Expte. 2020049294), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade *Federación Gallega de Balonmano* (G-36690832), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de sete mil catrocentos euros (7.400,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 22/03/2024, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202400072361.

17.33894.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA KPMG ASESORES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE EVOLUCIÓN, E XESTIÓN DA REDE SMARTPEME DE PONTEVEDRA”. (Expte.2021041034) (Devogaran 2024030013)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022 (CSV.- PU248RW7B2JUY7OD), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar o procedemento aberto convocado para a “*Servizo de evolución e xestión da rede SMARTPEME de Pontevedra*” (Expte. 2021041034).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *KPMG ASESORES, S.L. (B-82498650)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
KPMG ASESORES, S.L. (B-82498650)	54.823,06€	202200013962	25/01/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- NMQ70DW3HF51IIMQ), no cal sinala que “*finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido das garantías esixidas, (...) o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *KPMG ASESORES, S.L.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de evolución e xestión da rede SMARTPEME de Pontevedra*” (Expte. 2021041034), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola empresa *Kpmg Asesores, S.L.* (B-82498650), a través de aval emitido en valores, mediante aval de *Atradius Crédito y Caución (Con Certificado de Seguro de Caución número 4.266.971)*, para responder de dito contrato, por importe de 54.823,06€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 25/01/2012, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200013962.

18.33895.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes.2024035498 e 2024037370)

a) Vista a relación de facturas con número 2024035498, que contén 13 facturas e por un importe de 10.894,00€ e con CSV: AYN1SVSCC4I0N0FT, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 27/05/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	10.894,00 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Outros descontos.....	10.894,00 €

b) vista a relación de facturas con número 2024037370, que contén 1 factura e por un importe de 2.300,00€, e con CSV: B6WAGU83L0ZKN5XW, e visto o informe que formula a intervención desta deputación, de data 31/05/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a xunta de goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.625,47 €
Descontos do IRPF.....	325,47 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.300,00 €



19.33896.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN TDAH SALNÉS, PARA UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ATENDENDO Ó TDAH: VII XORNADAS ANUAIS TI TAMÉN FORMAS PARTE DO TDAH”. (Expte.2023020824)

1º.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión ordinaria de 27 de outubro de 2023 (CSV:VXCTJI7FT18P48FW), en relación ás subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social na provincia de Pontevedra no ano 2023, concederlle á entidade *Asociación TDAH Salnés* co CIF G94125648 unha subvención por importe de 963,91 € para a execución do proxecto “*Atendendo ó TDAH: VII xornadas anuais "Ti tamén formas parte do TDAH"*”.

2º.- Con data 4 de abril de 2024, e número de rexistro WEB2024022527 a entidade ASOCIACIÓN TDAH SALNÉS co CIF G94125648, presentou solicitude de renuncia da subvención “(…) *A Asociación TDAH Salnés renuncia a adxudicación da subvención concedida por ter xa financiada a actividade presentada “Atendendo ó TDAH: VII xornadas anuais “Ti tamén formas parte do TDAH.”, mediante outras vías de financiación pública por parte doutra administración diferente, como é o concello de Cambados. O ter xa cuberta a financiación de dito proxecto, non precisamos da subvención e renunciamos a ela.(…)*”. (Expte. 2023020824).

3º.- Con data 3 de xuño de 2024 intervención emite dilixencia favorable do expediente (CSV EZPAUWU3L046Q8ZS).

De acordo co exposto, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aceptación da renuncia presentada pola entidade *Asociación TDAH Salnés* co CIF G94125648 para unha subvención por importe de 963,91 € para a execución do proxecto “*Atendendo ó TDAH: VII xornadas anuais «Ti tamén formas parte do TDAH»*”.

20.33897.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN CULTURAL O CASTRO DE BAIÓN - VILANOVA DE AROUSA, PARA UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CREACIÓN DE ESPAZO MULTINCLUSIÓN”. (Expte.2023024384)

1ª Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión ordinaria de 27 de outubro de 2023 (CSV:VXCTJI7FT18P48FW), en relación ás subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social na provincia de Pontevedra no ano 2023, concederlle á entidade *Asociación Cultural O Castro de Baión - Vilanova de Arousa* co G36116879 unha subvención por importe de 3.642,24 € para a execución do proxecto “*Creación de Espazo Multinclusión*”.



2º.- Con data 18 de xaneiro de 2024, e número de rexistro WEB2024002539 a entidade *Asociación Cultural O Castro de Baión - Vilanova de Arousa* co G36116879, presentou solicitude de renuncia da subvención “(...) *Que a Asociación Cultural O Castro renuncia á presente axuda de Cohesión Social da Deputación de Pontevedra, posto que por temas organizativos e técnicos, sumados á falta de liquidez económica para afrontar o total dos gastos do proxecto, non pode presentar os documentos requiridos*” (Expte. 2023024384).

3º.- Con data 3 de xuño de 2024 intervención emite dilixencia e conforme do expediente (CSV C11W443W3I4VT7WZ).

De acordo có exposto, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aceptación da renuncia presentada pola entidade *Asociación Cultural O Castro de Baión - Vilanova de Arousa* co G36116879 para unha subvención por importe de 3.642,24 € para a execución do proxecto “*Creación de Espazo Multinclusión*”.

21.33898.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE 05/04/2024 (NÚM. 4.33602), POLO QUE SE APROBABAN AS ACTUACIÓNS AUTORIZADAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PROGRAMA “+MÚSICA” 2024. (Expte.2024003386)

A Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2024, acordou, entre outros asuntos, aprobar as bases reguladoras do programa “+*Música de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, ano 2024*” (BOPPO núm. 24, de 2 de febreiro de 2024).

Con data 1 de marzo de 2024 (núm. de rexistro WEB2024014473), o *Concello de Forcarei* solicitou como 1ª opción a actuación do grupo “*Lucía Pérez*”, cun caché de 12.463,00 €, e como 2ª opción a do grupo “*Monolious Dop*”, cun caché de 4.840,00 €, actuación prevista para o día 24/08/2024.

Por acordo núm. 4.33602 da Xunta de Goberno celebrada o 5 de abril de 2024, autorizouse a actuación do grupo “*Monolious Dop*” no *Concello de Forcarei*, ao no poder asignarlle o grupo seleccionado como primeira opción, de acordo cos criterios establecidos na base décimo quinta da convocatoria.

En data 27 de maio de 2024 a empresa Seispés Producións Creativas, SL. presenta por rexistro de entrada unha instancia xenérica (WEB2024033985) na que renuncia a realizar a actuación do grupo “*Monolious Dop*” polos seguintes motivos:

- Ao non existir unha consulta de dispoñibilidade do grupo para esa data por parte do concello, dándose a circunstancia de que o grupo xa tiña comprometida esa data.
- Tampouco foi posible atopar unha data dispoñible do grupo entre outras dúas propostas polo concello de Forcarei



En data 30 de maio de 2024 (WEB2024035134), o Concello de Forcarei presenta nova instancia a través da cal solicita que se lle conceda a actuación do grupo “*A Banda da Balbina*”, prevista para o día 22 de xuño con motivo da festa de San Xoan en Forcarei, cun caché de 3.025,00 €.

Visto o informe favorable do Xefe do Servizo de Cultura, de data 31 de maio 2024, no que se reflicte que a modificación proposta ven determinada por causas sobrevidas derivadas da renuncia do grupo inicialmente asignado ao *Concello de Forcarei*, sen que coa mesma se causen prexuízos a terceiros, sendo viable a súa tramitación de conformidade co disposto no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016).

Visto o informe favorable da Intervención, de data 31 de maio de 2024, co CSV: ECVTH1SPHYG0RWYZ. Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Modificar o acordo núm. 4.33602 adoptado na Xunta de Goberno de 5 de abril de 2024, polo que se aprobaban as actuacións autorizadas aos concellos da provincia de Pontevedra con cargo ao Programa “+Música” 2024, no seguinte sentido:

Onde figura:

Pref.	CONCELLO	GRUPO	DATA ACTUACIÓN	TOTAL
...
1	CONCELLO DE FORCAREI	MOUNOLIOUS DOP	24/08/2024	4.840,00 €
...

Debe figurar:

Pref.	CONCELLO	GRUPO	DATA ACTUACIÓN	TOTAL
...
1	CONCELLO DE FORCAREI	A BANDA DA BALBINA	22/06/2024	3.025,00 €
...

O resto do contido, do citado acordo, mantense invariable en todos os seus termos.

22.33899.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO PORRIÑO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DUN LOCAL DESTINADO A SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ E CENTRO DE XOGOS INFANTIL”. (Expte. 2024031907)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022144, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello do Porriño na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 110.289,50 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Saneamento na Cantoña-Pontellas*” (Expte.2024023008), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	110.289,50	110.289,50	0,00	0,00

En data 08/04/2024, o servizo de cooperación require ao *Concello de Porriño* a achega e emenda de diversa documentación necesaria para o outorgamento da subvención, entre elas, a acreditación dispoñibilidade e/ou titularidade dos terreos onde se van a realizar as actuacións obxecto de subvención, aos efectos de comprobar que o trazado do investimento discorre por bens que lle son dispoñibles.

En data 16/05/2024, mediante rexistro WEB2024021473, o Concello de Porriño manifesta que non pode atender ao requirimento e, acolléndose ao disposto na base 15ª das reguladora, formula unha nova petición, que se entende imprescindible para os intereses da entidade municipal, co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma dun local destinado a servizo de atención temperá e centro de xogos infantil*” (Expte.2024031907) cuxo orzamento ascende a 72.478,29 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base 15ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que establece que se algunha solicitude é rexeitada por non axustarse ás condicións contempladas nas bases ou por non cumprir algún dos requisitos esixidos nelas e, por esta razón, é informada desfavorablemente, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello do Porriño*, CIF: P3603900F, unha subvención por importe de 72.478,29 € co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma Dun local destinado a servizo de atención temperá e centro de xogos infantil?*” (Expte. 2024031907), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2025 e xustificado a 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Porriño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



23.33900.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REASFALTADO ESPÍÑEIRO, LONGAN, RODEIRA, CUNCHIDO E A MADALENA”. (Expte. 2024021523)

Retírase da orde do día expediente relativo á “*Concesión de subvención ao Concello de Cangas ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1-investmentos, co obxecto do financiamento do investimento “Reasfaltado Espiñeiro, Longan, Rodeira, Cunchido e a Madalena”.* (Expte. 2024021523)”.

24.33901.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

25.33902.-.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

26.33903.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

